



## SUBVENCIÓN PARA RENOVACIÓN DE FIESTRAS

Bases reguladoras para a concesión de subvencions, en réxime de concorrencia non competitiva, relativa ao Plan Renove de fiestras 2016, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión.

*ORDE do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencions, en réxime de concorrencia non competitiva, relativa ao Plan Renove de fiestras, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria para a anualidade 2016 (códigos de procedemento IN412A-IN412B).*

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20151231/AnuncioG0424-291215-0002\\_es.pdf](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20151231/AnuncioG0424-291215-0002_es.pdf)

### PAZO PRESENTACION DE SOLICITUDES:

- Prazo de presentación de solicitudes de adhesión de entidades colaboradoras será de **5 días hábiles a partir do día 1 de febreiro de 2016 incluído**.
- Prazo de presentación de solicitudes de axuda comezará o día **1 de marzo e finalizará o 30 de setembro de 2016** polas entidades colaboradoras.

### FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

- Vía electrónica: <https://sede.xunta.es>, ou ben desde as páxinas web: <https://entidadescolaboradoras.xunta.es>, <https://planrenovefiestras.xunta.es>
- En soporte papel, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

As solicitudes tramitaranse a través das entidades colaboradoras, que serán as encargadas de presentar a solicitude e a documentación xustificativa da actuación.

Nestas entidades o comprador elixirá a carpintería que reúna os requisitos mínimos exixidos, e achegará a documentación necesaria para a tramitación da axuda.

Na páxina web da DXEM ([www.xunta.es](http://www.xunta.es)) estará dispoñible unha listaxe de entidades colaboradoras do Plan renove de fiestras.

### OBXETO DA SUBVENCIÓN:

Rehabilitación dos ocos acristalados da fachada, tanto no referente ao acristalamento como aos marcos ou perfís, co fin de acadar melloras significativas na demanda enerxética do edificio e os conseguintes aforros en termos económicos.

### BENEFICIARIOS:

Persoas físicas propietarias ou titulares de calquera dereito sobre inmobles do sector residencial e comunidades ou mancomunidades de vecinos.

### CONTÍA SUBVENCIONABLE:

A contía da axuda ascenderá a un **máximo de 100 €/m<sup>2</sup> de oco**, cuns límites de **3.000 € por vivenda unifamiliar/piso**. Para o caso de comunidades de propietarios ou edificios de vivendas, **a axuda máxima será de 3.000 € por vivenda unifamiliar/piso co máximo de 50.000 € por edificio**.

En calquera caso, a cantidade da subvención **non poderá ser superior ao 25% do custo total da obra**.

### CUSTOS SUBVENCIONABLES:

Será subvencionable a renovación de fiestras que formen parte da envolvente térmica do edificio pola compra de novas fiestras que cumpran coas seguintes especificacións técnicas:



- Dispor de marcación CE conforme a norma UNE EN 14351-1:2006.
  - Exixencias mínimas de eficiencia enerxética:
- a) Opción A: carpintaría de madeira ou PVC e acristalamiento que cumpra algún dos seguintes requisitos:
- i. Dobre acristalamiento con cámara de 12 mm ou superior para vidros normais.
  - ii. Dobre acristalamiento con cámara de 6 mm ou superior e con cristal baixo emisivo (con emisividade menor ou igual a 0,1).
- b) Opción B: carpintaría metálica con rotura de ponte térmica de 12 mm ou superior con dobre acristalamiento con cámara de 6 mm ou superior e con acristalamiento baixo emisivo (con emisividade menor ou igual a 0,1).

A renovación consistirá na substitución dunha fiestra existente por outra de igual ou inferior tamaño.

Será subvencionable a colocación dunha nova fiestra paralela á existente (dobre fiestra), sempre e cando esta nova fiestra satisfaga os requisitos enerxéticos citados.

Tamén será subvencionable a renovación de portas que separen estancias calefactadas do exterior, sempre e cando cumpran coas especificacións técnicas deste artigo e teñan marco por todo o perímetro.

Considéranse custos subvencionables a retirada das fiestras existentes, a fabricación das novas fiestras e a súa instalación, sempre e cando veña detallado na factura.

**DATA LÍMITE DE XUSTIFICACIÓN:** 30/09/2016

